



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

10/05/2013

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## Plan de Acción Social 2013

Aínda que pareza increíble, xa temos Plan de Acción Social para o 2013.

Despois de varios días de negociación sabendo de antemán que o que se estaba a negociar era totalmente inasumible, máxime cando este ano se levaba a cabo un novo recorte do Plan doutro 50%, algunhas organizacións sindicais déronlle o parabén polo que sae adiante o Plan de Acción Social máis “pobre” da historia da Axencia Tributaria. Non podemos entender por qué os que presumen de criticar os recortes logo son capaces de avalar este Plan de Acción Social coa súa sinatura.

A **CIG**, sendo totalmente coherente cos seus prantexamentos non vai prestar a súa sinatura para “machacar” o Plan de Acción Social xa que non queremos ser cómplices dos recortes que fai a Administración. Curiosamente os recortes sempre tocan máis aos que menos ingresos teñen, xa que os grupos altos desta casa “vía produtividade”, arranxan todo rápidamente. Tal e como vemos o panorama, e se non se remedia, non nos sorprendería que as axudas de Acción Social desaparezan para sempre.

Neste cadriño, e como proba da nosa afirmación, podeades ver a evolución da partida adicada a produtividade e a acción social nos Presupostos Xerais do Estado da AEAT nos últimos anos.

### PGE AEAT

	Produtividade	Acción Social
<b>2010</b>	85.301	10.273
<b>2011</b>	81.036	7.000
<b>2012</b>	81.036	3.500
<b>2013</b>	81.036	1.750

(en miles de euros)

Así pois vemos que mentres a partida adicada a produtividade non sofre recortes, a de Acción Social estase a reducir de xeito alarmante desde o ano 2010 (**¡¡¡a redución no presuposto é dun 82% en 3 anos!!!!**).

Desde o principio da negociación solicitamos que a AEAT, dado que goza de autonomía financeira, achegara cartos da produtividade para acción social e así tratar de paliar en certo modo o machaque económico que está a sufrir o persoal. Como a idea non gustou (xa sabemos todos por qué) e o plan de acción social non é digno do que merece o persoal, a **CIG AEAT** non prestou, nin prestará, a súa conformidade ao texto definitivo.

**CIG AEAT**

**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**

**TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22**